

25/799 SUBVENCIÓN NOMINATIVA CONCEPCION ARENAL (G27119809) PARA O PROXECTO “XORNADAS PENITENCIARIAS LUCENSES E SERVIZO DE INFORMACIÓN, ORIENTACIÓN E ATENCIÓN SOCIAL” (ORZAMENTO ANO 2023).- Examinado o expediente tramitado para os efectos e visto o informe proposta da Xefa de Sección de Benestar Social e da Técnica adscrita ao Servizo de Benestar Social do 23 de outubro de 2023, conformado pola tenenta de alcaldesa da área respectiva, na parte expositiva do cal se fai constar:

Visto.-

1º O artigo 14.2 da Ordenanza Xeral Municipal reguladora da concesión de subvencións do Excmo. Concello de Lugo establece que *“poderán concederse de forma directa as subvencións previstas nominativamente no Orzamento Xeral Municipal, de acordo co procedemento regulado nesta ordenanza”*.

2º A base 24 de execución do Orzamento xeral municipal do Concello de Lugo na cal figura nominativamente a previsión de subvencións por un importe total de 300.500€ con cargo á aplicación orzamentaria 23179.48900 RC 4509 a favor de distintas entidades, entre elas:

ENTIDADE	CIF	PROXECTO	CONTIA
-CONCEPCIÓN ARENAL.	G27119809	-Xornadas penitenciarias lucenses (1.200 €)	4.500 €
		-Servizo de información, orientación e atención social (3.300€).	

3º No capítulo II do Título II da Ordenanza municipal de subvencións regúlase o procedemento de concesión directa de subvencións previstas nominativamente no Orzamento xeral municipal no que se esixe a elaboración e aprobación dun convenio a través do cal se establecerán as condicións, requisitos e compromisos das partes.

4º Dende os Servizos Sociais solicitouse de oficio á entidade relacionada nas bases de execución a presentación da documentación precisa para a tramitación do correspondente convenio a cal obra no expediente tramitado ao efecto, agás a documentación que xa obraba en poder deste servizo co gallo da concesión de subvención en anteriores convocatorias, documentación que se estima completa aos efectos de adxudicar esta subvención.

5º - Xustificación da adxudicación directa a través de subvención nominativa:

A a entidade **ASOCIACIÓN PENITENCIARIA CONCEPCIÓN ARENAL** é a única entidade local que traballa en exclusiva o eido penitenciario e xudicial, dando atención a persoas que se atopan en situación pre, intra e post penitenciaria e persoas afectadas por procesos xudiciais independentemente das características dos feitos delitivos que se lles imputan.

As “Xornadas penitenciarias lucenses” son as únicas xornadas que se realizan no concello que atenden de xeito exclusivo a temas de actualidade relacionados co eido penitenciario e xudicial contando con relatores expertos de primeiro nivel sobre o tema a tratar.

O “Servizo de información, orientación e atención psicosocial” é o unico dende o que se traballa con persoas previa, durante e logo da súa situación de internamento en centros penais cun acompañameto continuado, atendendo en calquera fase do proceso, de forma directa, as súas necesidades. Ademais disto, o xenérico do servizo tamén reforza a súa singularidade xa que, dende el, dáse resposta a unha diversidade de circunstancias persoais e sociais moi ampla a diferenza doutros programas que se desenvolven nesta localidade e que se cinguen a aspectos máis concretos como a reinserción laboral ou a cobertura de necesidades básicas.

Os programas “Xornadas penitenciarias lucenses” e o “Servizo de información, orientación e atención psicosocial” teñen un marcado interese social, posto que os seus obxectivos son plenamente coincidentes cos obxectivos dos servizos sociais establecidos no art 3 da Lei 13/2008, de 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia.

Nomeadamente, co **obxectivo de facilitar alternativas, recursos e itinerarios de integración social a aquelas persoas que se atopen en situación ou en risco de exclusión social**.

Así mesmo, este programa complementa os programas dos servizos sociais municipais, polo que se xustifica o interese social e público para a concesión de financiamento a través de subvención nominativa.

6º Os informes favorables do servizo de fomento e de asesoría xurídica obrantes no expediente.

7º O informe de fiscalización de intervención nº 2023/1591 do 17/10/2023 que fiscaliza o procedemento favorable.

8º Resulta competente para a súa adxudicación a Xunta de Goberno Local, de conformidade co establecido no acordo da Xunta de Goberno Local 40/607, do 26

de xullo de 2023 polo que se reserva no punto m) a aprobación dos convenios reguladores das subvencións nominativas

A Xunta de Goberno Local, con base na referida proposta e por unanimidade de todos os seus membros presentes, **ACORDA:**

PRIMEIRO.- Aprobación a autorización e disposición do gasto en concepto de subvención nominativa con cargo á aplicación orzamentaria 23179.48900 (RC 4509/2023) e dacordo co detalle da seguinte táboa:

ENTIDADE	CIF	PROXECTO	CONTIA
-CONCEPCIÓN ARENAL.	G27119809	-Xornadas penitenciarias lucenses (1.200 €) -Servizo de información, orientación e atención social (3.300€).	4.500 €

SEGUNDO.- Aprobación o texto do convenio de concesión de subvención nominativa que é do seguinte teor literal:

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O EXCMO. CONCELLO DE LUGO E A ASOCIACIÓN PENITENCIARIA CONCEPCIÓN ARENAL.CIF. G27119809 PARA A CONCESIÓN DA SUBVENCIÓN PREVISTAS NOMINATIVAMENTE NO VIXENTE ORZAMENTO MUNICIPAL PARA GASTOS DERIVADOS DO DESENVOLVEMENTO DOS PROGRAMAS: XORNADAS PENITENCIARIAS LUCENSES E SERVIZO DE INFORMACIÓN, ORIENTACIÓN E ATENCIÓN SOCIAL.

REUNIDOS

Dunha banda, **Dª ANA MARIA GONZALEZ ABELLEIRA** actuando en nome do Concello de Lugo, en virtude da súa condición de **Tenenta de Alcaldesa delegada da Área de Cohesión Social**

E doutra banda, **Dona Elvira Paloma Fernández Domínguez** con NIF.***2837** na súa calidade de representante legal da **ASOCIACIÓN PENITENCIARIA CONCEPCIÓN ARENAL** con CIF. G27119809.

Intervenien en función dos seus respectivos cargos e, no exercizo das facultades que para asinar convenios en nome das entidades que representan, teñen conferidas

MANIFESTAN

ACTAS E GOBERNO

JDR/cal

Refº: ispac1917460048790995055.doc

Asunto: XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 25-10-2023

I-Que o Concello de Lugo, de acordo co previsto na Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e na Ordenanza Xeral Municipal reguladora da concesión de subvencións pode conceder de forma directa as subvencións previstas nominativamente no Orzamento xeral municipal.

II-Que a dita entidade presenta o proxecto 2023: XORNADAS PENITENCIARIAS LUCENSES E SERVIZO DE INFORMACIÓN, ORIENTACIÓN E ATENCIÓN SOCIAL e solicita subvención para sufragar os gastos derivados de dito proxecto que o Concello considera de marcado interese municipal e acorde cos principios xerais dos servizos sociais.

Por todo o exposto, as partes comparecentes, na representación que ostentan,

ACORDAN

Subscribir un convenio de colaboración con suxeición ás seguintes:

CLÁUSULAS

PRIMEIRA-Obxecto.

O presente convenio ten por obxecto a concesión dunha subvención por parte do Concello de Lugo para a financiación parcial do antedito proxecto por entender que estas actividades complementan as atribuídas ao Concello no artigo 27.3 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local, modificado pola Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sostenibilidade da Administración Local (BOE número 312, do luns 30 de decembro de 2013), o cal establece que a Administración do Estado e as Comunidades Autónomas poderán delegar, seguindo criterios homoxéneos, entre outras, as seguintes competencias:

c) Prestación dos servizos sociais, promoción da igualdade de oportunidades e a prevención da violencia contra a muller.

SEGUNDA-Compromisos das partes.

O Concello de Lugo comprométese a achegar, como máximo, a cantidade de 4.500,00 € para a financiación parcial das actividades obxecto deste convenio. 1.200 € para as xornadas penitenciarias lucenses e 3.300 € para o servizo de información, orientación e atención social.

A **ASOCIACIÓN PENITENCIARIA CONCEPCIÓN ARENAL** comprométese a:

-Colaborar co Concello no desenvolvemento dos servizos sociais.

-Desenvolver as seguintes actuacións:

Servizo de información, orientación, asesoramento e atención psicosocial a persoas en risco de exclusión e vulnerabilidade social.

Xornadas penitenciarias lucenses.

As actuacións que incluídas “Servizo de Información, Orientación, Asesoramento e Atención Psicosocial a persoas en risco de exclusión e vulnerabilidade social” levaranse a cabo ó longo de todo o ano 2023 dunha maneira continuada, coas seguintes accións:

- Atención directa a usuarios ou familiares.
- Asesoramento psicolóxico e deseño de programas de intervención.
- Traballar as habilidades sociais
- Tramitar recursos e axuda nas xestións administrativas.
- Mediación familiar.
- Derivación aos recursos da comunidade.
- Contacto continuado con outras institucións e entidades do ámbito social
- Sensibilización social

As actuacións levadas a cabo para a elaboración das "Xornadas Penais Lucenses" desenvolveranse durante 3 días no último trimestre do ano 2023.

- Estudo, coordinación e discusión sobre a posible temática das Xornadas.
- Confirmación da dispoñibilidade do lugar de celebración. .
- Confirmación dos relatores.
- Contacto coas autoridades para a inauguración e clausura das Xornadas.
- Difusión nos medios de comunicación.
- Publicidade a través das redes sociais dos relatores.

Obxectivos xerais:

Servizo de atención e orientación psicosocial:

- Asesorar e informar sobre os trámites e as xestións que os usuarios e usuarias precisen realizar.
- Guiar na xestión emocional de dos recursos persoas precisos para afrontar os cambios e as situación que se presentan no día a día. .
- Asesorar nas cuestións xurídicas que lles producen inquedanza.

Xornadas Penitenciarias Lucenses:

ACTAS E GOBERNO

JDR/cal

Refº: ispac1917460048790995055.doc

Asunto: XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 25-10-2023

- Coordinación das distintas institucións con competencias na temática a tratar.
- Conseguir a asistencia da poboación de Lugo e arredores.
- Fomentar e enriquecer o debate social relacionado coa temática tratada.
- Ampliar a repercusión nos medios de comunicación e redes sociais.

Obxectivos específicos:

Servizo de atención e orientación psicosocial:

- Que os usuarios manteñan a motivación para o cambio.
- Prevención da conducta delitiva.
- Reinserción social plena.

Xornadas Penitenciarias Lucenses:

- Acadar unha mellor eficacia na reinserción social dos/as penado/as.
- Implicar a todos os axentes sociais para o traballo cara unha reinserción social plena das persoas que saen de prisión.
- Sensibilizar á poboación xeral sobre ás problemáticas coas que estamos a traballar.

Persoas destinatarias:

Servizo de atención e orientación psicosocial Directas: 65 persoas, Indirectas: 160.

Xornadas Penitenciarias Lucenses:

O colectivo ao que se dirixen as actuacións son os seguintes: profesionais do ámbito da xustiza, ámbito social, policial, penitenciario e penal; outras asociacións ou ONG relacionadas ou interesadas na temática a tratar; persoas implicadas na temática a tratar (voluntarios, exreclusos ou familiares) e veciños de Lugo.

Recursos materiais:

A asociación conta coa cesión por parte do Goncello de Lugo de dous despachos (sede da Asociación), na Rúa Monte Faro, no 2 onde se realizarán a maioría das actuacións derivadas do Servizo de Información, Orientación, Asesoramento e

Atención Psicosocial, agás aquelas que teñan que realizarse noutras entidades/institucións (acompañamentos, reunión, etc.). Os despachos están dotados de dous ordenadores e un portátil, liña de teléfono con ADS e fax, impresora, scanner e proxector ademais de material funxible (tonner, follas, carpetas...) todo isto necesario para o desenvolvemento das actuacións previstas

Recursos humanos:

- Unha psicóloga-criminóloga experta en psicoloxía clínica, legal e forense que se ocupa da atención e asesoramento da problemática que os nosos usuarios e usuarias lles poida xurdir de xeito puntual. Tratamento de dó, resolución de conflitos, asesoramento en conduta infantil, xestión do estrés e da frustración ou motivación para a realización ou continuidade dalgunha actividade...son intervencións habituais dentro deste servizo.
- Unha traballadora social, especializada en intervención en centro penitenciario que asesora e axuda a cubrir documentación burocrática para calquera xestión do día a día dos nosos usuarios e usuarias.

Periodicidade: Anual.

Lugar: Rúa Monte Faro núm. 2-1º, sede da asociación e que se disfruta en réxime de cesión por parte do Concello de Lugo, aínda que a meirande parte do traballo da entidade se desenvolve nos centros penitenciarios de Monterroso e de Teixeira.

TERCEIRA-Crédito orzamentario.

Para a realización das actuacións sinaladas na cláusula anterior o Concello de Lugo achegará, do orzamento municipal para o ano 2023, a cantidade de 4.500,00 € con cargo á aplicación orzamentaria 23179.48900.

CUARTA-Gastos subvencionables e prazo de realización.

A suma do conxunto das axudas solicitadas e/ou concedidas para o obxecto do convenio non poderá superar o 100% do custo da actividade a desenvolver. No caso de ter concedidas subvencións ou axudas doutras entidades públicas ou privadas para a mesma actividade os persoas beneficiarias deberán xustificar como mínimo un importe igual ou superior á totalidade das axudas concedidas, ademais do 10% que deberá asumir con medios propios a entidade beneficiaria ou procedentes de subvencións públicas ou privadas.

Non se poderá solicitar subvención por un importe superior ao 90% do custo total da acción para a que se solicita a subvención, segundo o orzamento

presentado, xa que o 10 % restante é de obrigada asunción pola entidade, e pode ser subvencionado por parte doutras entidades públicas ou privadas, nacionais ou estranxeiras.

Consideraranse gastos subvencionables os que respondan indubitadamente á natureza da actividade subvencionada e sexan estritamente necesarios para a consecución da finalidade perseguida, realizados dentro do período de vixencia do convenio e en todo caso dentro do ano natural. En particular serán admitidos como tales os derivados das actividades propias do persoa beneficiaria ou da realización do proxecto ou actividade concreta, dacordo coa documentación achegada, como poden ser: nóminas, desprazamentos acreditados mediante factura, aloxamentos, manutención, material cultural non inventariable, publicidade, gastos por subministro e calquera outro gasto relacionado co obxecto estrito da subvención.

O prazo de realización da actividade será o do exercicio 2023 e terá a consideración de gastos subvencionables unicamente aqueles que tiveran sido aboados dentro do prazo de vixencia do convenio e en todo caso dentro do ano natural. Excepcionalmente, por causas da data de devengo, poderán aceptarse como subvencionables aqueles gastos que non cumpriran co anterior pero que figuren como aboados no momento de remisión a Intervención da documentación xustificativa da subvención, aos efectos da súa fiscalización.

En todo caso non serán subvencionables os gastos nos que non se xustifique axeitadamente a vinculación directa coa actividade ou proxecto obxecto de subvención, o material inventariable, as celebracións, eventos ou actos protocolarios non directamente vinculados coa actividade ou proxecto subvencionado, **gastos de bebidas alcohólicas ou calquera outro produto que sexa prexudicial para a saúde, gastos de investimento, tales como adquisición, construción e reforma de bens inventariables, xuros debedores de contas bancarias, xuros, recargas e sancións administrativas e penais e os gastos de procedementos xudiciais nin gastos de degustación gastronómica de calquera tipo (en todo caso terá esta consideración a organización de comidas, *catering* ou ceas).**

Serán admisibles as lóxicas subcontratacións para a realización das actividades que se desenvolvan ao longo do ano no que se realiza o proxecto ata a totalidade do custo da actividade subvencionada, todo elo tendo en conta o sinalado nos artigos 29 da lei Xeral de Subvencións. Cando o importe do gasto subvencionable supere as contías establecidas na normativa de contratos do Sector público para o contrato menor, o persoa beneficiaria deberá solicitar como mínimo tres ofertas de diferentes provedores debendo acreditar tal extremo no intre de xustificar a subvención

QUINTA-Execución do convenio e pagamento da subvención.

Con carácter xeral non se asumen pagos anticipados podendo a persoa beneficiaria acadar o financiamento necesario polos medios que crea convenientes para o desenvolvemento da actividade. Cando xustificadamente, polo volume económico da actividade subvencionada se proceda á realización dun pago anticipado, será condición obrigatoria que a persoa beneficiaria aporte garantía pola totalidade da contía do dito pago con anterioridade á efectividade do mesmo, por calquera dos medios previstos no artigo 108.1 da Lei 9/2017 de Contratos do Sector Público. O pagamento da subvención realizarase mediante transferencia bancaria á conta facilitada polo receptor da subvención.

SEXTA-Xustificación da subvención.

Concedida a subvención, e para proceder ao seu cobro, as entidade beneficiaria deberá presentar, a documentación acreditativa da realización do antedito programa, a dita documentación presentaranse, consonte o disposto no artigo 14.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, da Lei de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, **por medios electrónicos**, ben a través da sede electrónica (<https://lugo.gal>) ou a través de calquera dos rexistros electrónicos das administracións públicas segundo establece o art.16.4a) do mesmo texto legal. As xustificacións deberán ir acompañadas da seguinte documentación:

- a) Memoria explicativa e detallada da realización do proxecto, coa expresa mención dos resultados obtidos (imprescindible relación de gastos e ingresos), así **como relación de todos os gastos relativos á actividade subvencionada, con identificación do acredor, concepto, importe, data de emisión, e data de pagamento**. Deberá acompañar, se é o caso, exemplar de cada un dos folletos, carteis, libros, fotos, etc. que se editasen ou publicasen co gallo da actividade subvencionada. No caso de que se xustifique a través de facturas de gastos de desprazamento/aloxamento deberán especificarse os usuarios, motivo e lugar e no caso de que se xustifique a través de gastos de combustible deberá acreditarse a relación coa actividade subvencionada e co beneficiario da subvención, ademais de documentación adicional que permita a identificación do vehículo así como a súa titularidade pola Entidade.
- b) Facturas e demais documentos de valor probatorio de conformidade co Regulamento do Control Interno do Sector Público do Excmo. Concello de Lugo e R.D 1619/2012, do 30 de novembro.

As facturas deberán conter un desglose dos artigos subministrados, servizos prestados incluíndo os prezos descompostos. O artigo 18 da Lei 11/2021, de 9 de xullo de Medidas de Prevención e Loita contra a Fraude Fiscal prohíbe os pagos en efectivo superiores a 1.000,00€ ou o seu valor equivalente en moeda estranxeira. Deberá acreditarse o pagamento da totalidade das facturas mediante os seguintes medios:

ACTAS E GOBERNO

JDR/cal

Refº: ispac1917460048790995055.doc

Asunto: XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 25-10-2023

-Resgardo do banco da orde de transferencia ou da notificación de domiciliación realizada ou extracto da conta corrente no que figure o cargo da transferencia realizada sellada pola entidade financeira. No pagamento das facturas por importe superior a 1.000€ unicamente se aceptarán os pagos realizados a través de transferencia bancaria.

-Copia do cheque emitido a nome do proveedor que emite a factura.

Excepcionalmente, para importes inferiores a 300 euros e sempre que non se trate de gastos de persoal, recibo onde consten o termino “recibín en efectivo”, o nome, DNI, sinatura e selo do cobrador; a identificación da factura á que corresponde e a súa data e a data de cobro. Admitiranse os “tiques de caixa” para importes inferiores a 50 euros.

-Documento acreditativo do pagamento con tarxeta, que haberá de ser de débito e estar obrigatoriamente a nome da entidade e non de calquera persoa física, integrante ou non da mesma.

-O pagamento dos gastos de Seguridade Social xustificárase co recibo de Liquidación de Cotizacións TC1 co selo de caixa e certificación mecánica ou ben comprobante bancario que acredite o pagamento. O ingreso das retencións de IRPF xustifícase co modelo 111 co selo de caixa ou certificación mecánica se se paga por portelo ou ben comprobante bancario que acredite o pagamento. Asemade deberase xuntar o modelo 190 co resumo anual do IRPF de telo dispoñible no momento da xustificación.

No caso de recibos a nomes de persoas ou outros documentos de valor probatorio deberán vir acompañados da acreditación documental dos preceptos, das cantidades e dos servizos ou traballos realizados, igualmente deberán acompañarse de ser posible das actas, publicacións ou similares xustificativas das cantidades satisfeitas e preceptores das mesmas. Estas contías que en todo caso non deberán superar os 300 euros, deberán acreditar a práctica da retención do IRPF que resulte procedente, salvo que xustificadamente se acredite a súa innecesariedade coma nos casos de contías satisfeitas para indemnizar dos gastos ocasionados por realización de tarefas coma voluntariado.

c) O cumprimento das obrigacións tributarias e coa Seguridade Social acreditarase mediante a presentación das correspondentes certificacións. A presentación de declaración responsable substituirá á presentación das correspondentes certificacións no caso de que a contía para outorgar a cada entidade beneficiaria non supere na convocatoria o importe de 3.000 euros. A sinatura do convenio comportará a autorización ao órgano xestor para solicitar as certificacións de non débedas tributarias co Concello de Lugo.

d) No caso de solicitar e/ou recibir outras Subvencións ou axudas por parte doutras Administracións ou Entidades, públicas ou privadas, nacionais ou estranxeiras, para o financiamento da **mesma** finalidade da actividade que se subvenciona, **copia da relación de gastos presentada na Entidade correspondente (con xustificante**

de presentación) que acredite os gastos que foron presentados para a xustificación das mesmas. Se no momento da presentación da xustificación desta subvención non é posible a aportación de dita relación, deberase presentar Certificación expedida polo Secretario da Entidade coa relación de gastos a presentar ante os outros axentes financiadores.

e) Declaración responsable, acreditativa de:

-Das subvencións ou axudas recibidas para o mesmo proxecto desta ou doutras administracións públicas ou entidades públicas ou privadas, nacionais ou estranxeiras.

-Que a realización da actividade, proxecto, obxectivo, programa ou a adopción do comportamento para a que se concede a subvención se efectuou nos termos establecidos no proxecto presentado e orzamentado no seu día.

-Que as facturas que se presentan coa finalidade de xustificar o gasto:

.Non foron nin serán presentadas –na porcentaxe subvencionada polo Concello de Lugo- como xustificación de ningunha outra subvención pública ou privada.

.Non inclúen impostos indirectos susceptibles de recuperación ou compensación.

.Conteñen gastos que xa foron aboados á persoa e/ou entidade debedora.

Que o persoal que desenvolve as súas funcións nesta asociación non ten relación laboral ningunha co Concello de Lugo.

f)-So se admitirán documentos en formato jpg aqueles que a Entidade considere convenientes para completar a documentación, como carteis ou similares.

SÉTIMA.- Data límite para xustificar

A data límite para xustificar a totalidade da subvención será a do **30 de novembro de 2023**.

Transcorrido este prazo, pódense dar dous supostos:

a) Que a entidade beneficiaria presente a xustificación; pero que esta, a xuízo da oficina xestora, non reúna os requisitos necesarios. Este aspecto comunicáraselle e concederáse un prazo de dez días para cumprilo, advertíndolle de que de non proceder á subsanación teráselle por desistido da súa solicitude, e entenderase que perde o dereito ao cobro da subvención.

ACTAS E GOBERNO

JDR/cal

Refº: ispac1917460048790995055.doc

Asunto: XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 25-10-2023

b) Que a entidade beneficiaria non presente a xustificación. Neste suposto requiriráselle para que, no prazo improrrogable de 15 días, presente a dita xustificación conforme o establecido no artigo 70. 3 do Real decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei de subvencións. A presentación da xustificación no prazo adicional non eximirá á entidade beneficiaria da imposición das sancións que correspondan.

De non ter xustificado o importe necesario a efectos do cobramento íntegro da subvención ou non aceptarse a totalidade dos gastos coma gasto subvencionable minorarase o importe a percibir nas contías non xustificadas, se ben entenderase non cumprida a finalidade subvencionada, coa perda do dereito ao cobramento da subvención cando o importe xustificado non acade o 50% do importe concedido, sen prexuízo das sancións que procederan, no seu caso, dacordo a normativa reguladora das subvencións públicas.

OITAVA-Réxime de infraccións e sancións

1-Constitúen infraccións administrativas en materia de subvencións as accións e omisións tipificadas na Lei 38/2003 do 17 de novembro xeral de subvencións, e serán sancionables incluso a título de simple negligencia.

2-As infraccións cometidas en materia das subvencións obxecto desta convocatoria sancionaranse mediante a imposición das sancións previstas na dita Lei 38/2003.

3-O procedemento sancionador axustarase ao previsto no Título IV de dita Lei 38/2003.

4-A presentación fóra de prazo da xustificación, considerarase unha infracción leve, de conformidade co establecido nos artigos 52 a 69 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións. A ditos efectos, previa tramitación do expediente oportuno, impondrán as seguintes sancións:

- 10% do importe da subvención concedida, ata un máximo de 450 €, no caso de que se presente a xustificación fóra de prazo, con anterioridade a efectuar o requirimento adicional da xustificación.

- 20% do importe da subvención concedida ata un máximo de 900 €, no caso de que se presente a xustificación no prazo concedido no requirimento adicional.

NOVENA-Duración do convenio.

A duración do presente convenio será dende a data da súa sinatura ata o 30 de novembro de 2023, sen posibilidade de prórroga. Non obstante, aos seus efectos económicos retrotráense ao 1 xaneiro de 2023.

DÉCIMA-Modificación do Convenio.

Toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión desta axuda e, en todo caso, a obtención concorrente de subvencións ou axudas outorgadas por outras administracións ou entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, poderá dar lugar á modificación da contía da axuda contemplada no presente convenio.

DÉCIMO PRIMEIRA-Comisión do seguimento.

Constitúese unha comisión mixta de seguimento, control e avaliación á que serán sometidas tódalas cuestións derivadas do desenvolvemento deste convenio, así como a resolución de cantas dúbidas poidan xurdir sobre o mesmo.

Esta comisión estará composta en representación do Concello de Lugo pola Concelleira Delegada da área interesada, que poderá delegar no funcionario da mesma unidade que estime oportuno, e pola outra parte, polo seu representante legal ou persoa da entidade na que delegue.

A comisión terá as seguintes funcións:

- 1.-Facer o seguimento e control do cumprimento do convenio.
- 2.-Interpretar e resolver as dúbidas, que poidan suscitar na aplicación do convenio.

DÉCIMO SEGUNDA-Causas de resolución.

Serán causas de resolución deste convenio:

- O incumprimento de calquera das cláusulas establecidas no mesmo.
- A aplicación dos fondos outorgados no convenio para fins distintos dos que motivaron a súa concesión.
- A falta de xustificación do emprego das cantidades recibidas.

DÉCIMO TERCEIRA-Control financeiro da subvención.

Os persoa beneficiarias deberán conservar durante os catro anos seguintes ao de xustificación da subvencións os documentos xustificativos da aplicación dos fondos, libros contables, rexistros dilixenciados e demais documentos debidamente auditados nos termos esixidos pola lexislación mercantil e sectorial aplicable ao persoa beneficiaria en cada caso co obxecto de facilitar as actuacións de comprobación e control que no exercicio do control financeiro e segundo a planificación acordados pola Intervención xeral municipal se decida levar a cabo, no

seu caso. A tal efecto o persoa beneficiaria someterase ás actuacións de comprobación que a Intervención xeral decida realizar.

DÉCIMO CUARTA-Réxime xurídico

O presente convenio ten carácter administrativo de acordo co disposto no artigo 47 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, do Réxime xurídico do Sector Público e o artigo 111 do Real Decreto Lexislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido de disposicións legais vixentes en materia de réxime local, e demais normativa de aplicación, someténdose á aplicación da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, á Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, ao disposto na Ordenanza xeral de Subvencións do Concello de Lugo e no Regulamento de Control Interno do Sector Público de Lugo.

As lagoas ou diverxencias que puideran apreciarse na aplicación do presente convenio interpretaranse e resolveranse motivadamente polo Concello de Lugo, previo dictame non vinculante da comisión á que fai referencia a cláusula novena; contra estas resolucións e polo carácter administrativo deste convenio, poderase interpoñer recurso ante a xurisdicción contencioso-administrativa.

DÉCIMO QUINTA-ANEXOS normalizados

ANEXO I:MEMORIA DA ACTIVIDADE OU PROGRAMA A SUBVENCIONAR E QUE SE VAI DESENVOLVER DURANTE O EXERCICIO ECONÓMICO 2023.

ANEXO II:MEMORIA DOS GASTOS DE MANTEMENTO, CONSERVACIÓN E PEQUENAS REPARACIÓNS DE INFRAESTRUTURAS A SUBVENCIONAR DURANTE O EXERCICIO ECONÓMICO 2023 E BREVE MEMORIA DAS ACTIVIDADES OU PROGRAMAS A DESENVOLVER.

ANEXO III:DECLARACIÓN RESPONSABLE PARA SOLICITAR A SUBVENCIÓN PREVISTA NOMINATIVAMENTE NO ORZAMENTO LOCAL 2023.

ANEXO IV:MEMORIA DA ACTIVIDADE OU PROGRAMA SUBVENCIONADO E DESENVOLTO DURANTE O EXERCICIO ECONÓMICO 2023.

ANEXO V:MEMORIA DOS GASTOS DE MANTEMENTO, CONSERVACIÓN E PEQUENAS REPARACIÓNS DE INFRAESTRUTURAS SUBVENCIONADOS DURANTE O EXERCICIO ECONÓMICO 2023 E BREVE MEMORIA DAS ACTIVIDADES OU PROGRAMAS DESENVOLTAS POLA ENTIDADE NESTE ANO.

ANEXO VI:DECLARACIÓN RESPONSABLE PARA XUSTIFICAR A SUBVENCIÓN PREVISTA NOMINATIVAMENTE NO ORZAMENTO LOCAL 2023

ANEXO I

MEMORIA DA ACTIVIDADE OU PROGRAMA A SUBVENCIONAR E QUE SE VAI DESENVOLVER DURANTE O EXERCICIO ECONÓMICO 2023.

DENOMINACIÓN DA ACTIVIDADE OU PROGRAMA:

DESCRICIÓN DAS ACTUACIÓNS: (denominación e contido a desenvolver en cada unha delas)

ESPECIALIZACIÓN NO DESENVOLVEMENTO DO PROGRAMA DE INTERÉS PÚBLICO E SOCIAL A SUBVENCIONAR E QUE DETERMINA A CONCESIÓN DUNHA SUBVENCIÓN DIRECTA.

OBXECTIVOS DA PROGRAMACIÓN PARA A QUE SE SOLICITA SUBVENCIÓN E RELACIÓN DESTES COS FINS DA ENTIDADE.

a) Obxectivos xerais:

b) Obxectivos específicos:

COLECTIVO OU COLECTIVOS AOS QUE SE DIRIXEN AS ACTIVIDADES A SUBVENCIONAR (Indicar o sector ou colectivo ao que van dirixidas, especificando en valores aproximados e globais: o número de persoas destinatarias, a porcentaxe de homes e mulleres, as súas idades).

Sector ou colectivo ao que se dirixe o programa.	Destinatarias directas	Destinatarias indirectas	Homes s/ idades	Mulleres s/ idades
---	-------------------------------	---------------------------------	------------------------	---------------------------

ACTAS E GOBERNO

JDR/cal

Refº: ispac1917460048790995055.doc

Asunto: XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 25-10-2023

☐ Infancia en situación de desvantaxe e/ou risco social.				
☐ Menores de 25 anos demandantes do primeiro emprego e que abandonaran prematuramente a formación regrada ou que presenten fracaso escolar.				
☐ Persoas paradas de longa duración.				
☐ Familia, infancia, persoas maiores en situación de vulnerabilidade.				
☐ Persoas con discapacidade: ☐ Física. ☐ Psíquica. ☐ Sensorial				
☐ Persoas reclusas e/ou ex-reclusas.				
☐ Persoas transeúntes e sen fogar.				
☐ Persoas toxicómanas.				
☐ Persoas enfermas psiquiátricas non institucionalizadas.				
☐ Persoas enfermas terminais.				
☐ Persoas sen fogar e transeúntes.				
☐ Persoas inmigrantes.				
☐ Minorías étnicas.				
☐ Outras:				

CRONOGRAMA DA REALIZACIÓN DAS ACTIVIDADES (Indicar data, duración e periodicidade de cada unha).

LUGAR PREVISTO PARA A REALIZACIÓN DAS ACTIVIDADES.

RECURSOS NECESARIOS PARA A EXECUCIÓN DAS ACTIVIDADES.

a)-Recursos materiais

b)-Recursos humanos: (detallar o número e a categoría profesional das persoas que desenvolven as distintas actividades a subvencionar).

c)-Recursos económicos

ORZAMENTO DETALLADO DOS GASTOS CORRENTES PREVISTOS PARA O DESENVOLVEMENTO DA ACCIÓN SUBVENCIONADA:	
Concepto do gasto	importe
-Persoal.	
-Actividades.	
-Alugamento.	
-Subministracións: teléfono, luz, gas...	
-Publicidade e imprenta (nunca máis do 10% do custo da acción subvencionada).	
-Xestión.	
-Outros...	
TOTAL	

ORZAMENTO DETALLADO DOS INGRESOS PREVISTOS PARA FINANCIAR A ACCIÓN SUBVENCIONADA:(subvencións públicas, privadas, cotas de socios, outras financiación, ...).	
Concepto	importe
-Subvencións públicas.	
-Subvencións privadas.	
-Cotas de socios.	
-Outras.	
TOTAL.	

IMPORTE TOTAL DO ORZAMENTO:

IMPORTE DA SUBVENCIÓN SOLICITADA:

Lugo, a de de 2023
Sinatura, Selo da Asociación

Asdo:

ANEXO II

MEMORIA DOS GASTOS DE MANTEMENTO, CONSERVACIÓN E PEQUENAS REPARACIÓN DE INFRAESTRUTURAS A SUBVENCIONAR DURANTE O EXERCICIO ECONÓMICO 2023 E BREVE MEMORIA DAS ACTIVIDADES OU PROGRAMAS A DESENVOLVER.

DENOMINACIÓN DO PROGRAMA A SUBVENCIONAR:

ACTAS E GOBERNO

JDR/cal

Refº: ispac1917460048790995055.doc

Asunto: XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 25-10-2023

GASTO PROPOSTO :

DESCRICIÓN DAS ACTUACIÓNS A DESENVOLVER: (relacionar o gasto proposto coas actividades a desenvolver o cos fins da entidade).

DESCRICIÓN DA PROGRAMACIÓN ANUAL QUE DESENVOLVE A ENTIDADE:

OBXECTIVOS DA PROGRAMACIÓN PARA A QUE SE SOLICITA SUBVENCIÓN E RELACIÓN DESTES COS FINS DA ENTIDADE.

a) Obxectivos xerais:

b) Obxectivos específicos:

COLECTIVOS AOS QUE SE DIRIXE A PROGRAMACION DA ENTIDADE (Indicar o sector ou sectores, especificando, en valores aproximados e globais: o número de persoas beneficiarias, a porcentaxe de homes e mulleres e as súas idades).

Sector ou colectivo ao que se dirixe o	Beneficiar	Beneficia	Home	Mullere
--	------------	-----------	------	---------

programa.	ias directas	rias Indirectas	s/ idades	s/ idades
☐ Infancia en situación de desvantaxe e/ou risco social.				
☐ Menores de 25 anos demandantes do primeiro emprego e que abandonaran prematuramente a formación regrada ou que presenten fracaso escolar.				
☐ Persoas paradas de longa duración.				
☐ Familia, infancia, persoas maiores en situación de vulnerabilidade.				
☐ Persoas con discapacidade: ☐ Física. ☐ Psíquica. ☐ Sensorial				
☐ Persoas reclusas e/ou ex-reclusas.				
☐ Persoas transeúntes e sen fogar.				
☐ Persoas toxicómanas.				
☐ Persoas enfermas psiquiátricas non institucionalizadas.				
☐ Persoas enfermas terminais.				
☐ Persoas sen fogar e transeúntes.				
☐ Persoas inmigrantes.				
☐ Minorías étnicas.				
☐ Outras:				

XUSTIFICACIÓN DA NECESIDADE DO GASTO EN RELACIÓN COA ACTIVIDADE A DESENVOLVER.

RECURSOS NECESARIOS PARA O DESENVOLVEMENTO DAS ACTIVIDADES.

a)-Recursos materiais

-Breve descrición do local onde se vai realizar o gasto):

M2

Núm. Habitáculos/distribución

ACTAS E GOBERNO

JDR/cal

Refº: ispac1917460048790995055.doc

Asunto: XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 25-10-2023

Ubicación:

Equipamento actual:

Réxime de posesión ou tenza do local.

¿A Asociación conta con local social exclusivo para uso da entidade?

NON ☐SI ☐ *Local en alugueiro ☐ Local en propiedade ☐ En réxime de cesión ☐

(*)Achegar xustificación documental do alugueiro ou propiedade.

Outros datos que se consideren relevantes:

b)-Recursos humanos: (detallar o número e a categoría profesional das persoas que desenvolven as distintas actividades a subvencionar).

c)-Recursos económicos

ORZAMENTO DETALLADO DOS GASTOS CORRENTES PREVISTOS E NECESARIOS PARA O DESENVOLVEMENTO DA ACCIÓN SUBVENCIONADA:

Concepto do gasto	importe
-Pequenas reparacións.	
-Mantemento e conservación de bens propios ou alugados.	
-Material non inventariable	
-Limpeza.	
...	
TOTAL	

ORZAMENTO DETALLADO DOS INGRESOS PREVISTOS PARA O DESENVOLVEMENTO DA ACCIÓN SUBVENCIONADA:

Concepto	importe
-Subvencións públicas.	
-Subvencións privadas.	
-Cotas de socios.	
-Outras.	
TOTAL.	

O orzamento presentado ascende a:

O subvención solicitada ascende a:

Lugo, a de de 2023
Sinatura, Selo da Asociación

Asdo:

ANEXO III

DECLARACIÓN RESPONSABLE PARA SOLICITAR A SUBVENCIÓN PREVISTA NOMINATIVAMENTE NO ORZAMENTO LOCAL 2023.

D./D.^a _____ provista/o do NIF núm
_____ na súa cualidade de (presidenta/e, secretaria/o;
tesoureira/o...) _____ da entidade _____ con
endereço social _____ e con CIF núm. _____ e
núm. do rexistro municipal de asociacións _____.

DECLARO RESPONSABLEMENTE QUE:

1-Esta entidade SÍ/NON ten solicitado subvencións ou axudas doutras administracións públicas ou privadas, nacionais ou internacionais, para a mesma finalidade (sinale cun X o que proceda).

☐ SÍ *

☐ NON

*Ata o día de hoxe e referidos ao exercicio económico de 2023, esta entidade **solicitou** as seguintes subvencións:

Denominación	Procedencia	Contía
--------------	-------------	--------

2-A actividade, proxecto, obxectivo, ou programa para os que se solicita a subvención vanse efectuar nos termos establecidos no proxecto da actividade ou programa que se presenta.

3-Esta entidade está ao corrente no cumprimento das súas obrigas fronte á Axencia Estatal da Administración Tributaria, a Consellería de Facenda, a Tesourería Territorial da Seguridade Social e do Concello de Lugo respectivamente, tal e como se demostra nas certificacións que se achegan.

4-Esta entidade non se atopa inhabilitada nin está incurso en ningunha das causas de prohibición sinaladas no artigo 10 da Lei 9/2007 do 13 de xuño de Subvencións

ACTAS E GOBERNO

JDR/cal

Refº: ispac1917460048790995055.doc

Asunto: XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 25-10-2023

de Galicia, e no artigo 13 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións para obter a condición de beneficiaria da subvención.

5-Que o persoal que desenvolve as súas funcións nesta entidade non ten relación laboral algunha co Concello de Lugo.

6-Que esta entidade ten comunicado ó Servizo de Participación Cidadá o orzamento, programa de actividades e número de socios correspondentes ó ano 2023.

Lugo, a de
Sinatura,

de 2023
Selo da Asociación

Asdo:

ANEXO IV

MEMORIA DA ACTIVIDADE OU PROGRAMA SUBVENCIONADO E DESENVOLTO DURANTE O EXERCICIO ECONÓMICO 2023.

DENOMINACIÓN DA ACTIVIDADE OU PROGRAMA:

DESCRICIÓN DAS ACTUACIÓNS DESENVOLVIDAS: (denominación e contido desenvolvido en cada unha delas).

OBXECTIVOS ACADADOS CO DESENVOLVEMENTO DA PROGRAMACIÓN SUBVENCIONADA E RELACIÓN DESTES COS FINS DA ENTIDADE.

a) Obxectivos xerais:

b) Obxectivos específicos:

COLECTIVO OU COLECTIVOS AOS QUE SE DIRIXIRON AS ACTIVIDADES SUBVENCIONADAS: (Indicar o sector ou colectivo ao que se dirixiron,

especificando o número de persoas beneficiarias directas e indirectas, a porcentaxe de homes e mulleres e as súas idades).

Sector ou colectivo ao que se dirixe o programa.	Beneficiarias directas	Beneficiarias indirectas	Homes/idades	Mulleres/idades
☐ Infancia en situación de desvantaxe e/ou risco social.				
☐ Menores de 25 anos demandantes do primeiro emprego e que abandonaran prematuramente a formación regrada ou que presenten fracaso escolar.				
☐ Persoas paradas de longa duración.				
☐ Familia, infancia, persoas maiores en situación de vulnerabilidade.				
☐ Persoas con discapacidade: ☐ Física. ☐ Psíquica. ☐ Sensorial				
☐ Persoas reclusas e/ou ex-reclusas.				
☐ Persoas transeúntes e sen fogar.				
☐ Persoas toxicómanas.				
☐ Persoas enfermas psiquiátricas non institucionalizadas.				
☐ Persoas enfermas terminais.				
☐ Persoas sen fogar e transeúntes.				
☐ Persoas inmigrantes.				
☐ Minorías étnicas.				
☐ Outras:				

CRONOGRAMA DO DESENVOLVEMENTO DAS ACTIVIDADES (Indicar data, duración e periodicidade de cada unha).

LUGAR OU LUGARES NOS QUE SE DESENVOLVERON AS ACTIVIDADES SUBVENCIONADAS (referenciar cada unha delas).

RECURSOS NECESARIOS PARA O DESENVOLVEMENTO DAS ACTIVIDADES SUBVENCIONADAS:

a)-Recursos materiais:

ACTAS E GOBERNO

JDR/cal

Refº: ispac1917460048790995055.doc

Asunto: XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 25-10-2023

b)-Recursos humanos (detallar o número e a categoría profesional das persoas que desenvolveron as actividades subvencionadas):

c) Recursos económicos

ORZAMENTO DETALLADO DOS GASTOS CORRENTES REALIZADOS PARA O DESENVOLVEMENTO DA ACCIÓN SUBVENCIONADA:

Concepto do gasto	importe
-Persoal.	
-Actividades.	
-Alugamento.	
-Subministracións.	
-Publicidade e imprenta (nunca máis do 10% do custo da acción subvencionada).	
-Xestión.	
-Outros...	
TOTAL	

ORZAMENTO DETALLADO DOS INGRESOS UTILIZADOS PARA O DESENVOLVEMENTO DA ACCIÓN SUBVENCIONADA:

Concepto	importe
-Subvencións públicas.	
-Subvencións privadas.	
-Cotas de socios.	
-Outras.	
TOTAL.	

O orzamento presentado no seu día ascendía a:

O orzamento realmente executado ascende a:

Explicar os motivos da desviación existente entre o orzamento presentado e o realmente executado, se fose o caso.

RELACIÓN CLASIFICADA DE FACTURAS PRESENTADAS PARA XUSTIFICAR O IMPORTE TOTAL DA SUBVENCIÓN, DE SER O CASO:

Núm. factura	Data emisión.	Concepto	Acredor	Importe	Data pagamento
....					
Total					€

Lugo, a de
Sinatura,

de 2023
Selo da Asociación

Asdo:

ANEXO V

MEMORIA DOS GASTOS DE MANTEMENTO, CONSERVACIÓN E PEQUENAS REPARACIÓNS DE INFRAESTRUTURAS SUBVENCIONADOS DURANTE O EXERCICIO ECONÓMICO 2023 E BREVE MEMORIA DAS ACTIVIDADES OU PROGRAMAS DESENVOLTAS POLA ENTIDADE NESTE ANO.

DENOMINACIÓN DO PROGRAMA SUBVENCIONADO:

GASTO REALIZADO:

DESCRIPCIÓN DAS ACTUACIÓNS SUBVENCIONADAS DESENVOLTAS: (explicar a necesidade da realización dos distintos gastos: mantemento, conservación, pequenas reparacións,...)

ACTAS E GOBERNO

JDR/cal

Refº: ispac1917460048790995055.doc

Asunto: XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 25-10-2023

DESCRIPCIÓN DA PROGRAMACIÓN ANUAL DESENVOLVIDA POLA ENTIDADE:

OBXECTIVOS DA PROGRAMACIÓN ANUAL E RELACIÓN DESTES COS FINS DA ENTIDADE.

a) Obxectivos xerais:

b) Obxectivos específicos:

COLECTIVOS AOS QUE SE DIRIXE A PROGRAMACION DA ENTIDADE (Indicar o sector ou sectores, especificando, en valores aproximados e globais: o número de persoas beneficiarias, a porcentaxe de homes e mulleres e as súas idades).

Sector ou colectivo ao que se dirixe o programa.	Beneficiarias directas	Beneficiarias indirectas	Homes/idades	Mulleres/idades
☐ Infancia en situación de desvantaxe e/ou risco social.				
☐ Menores de 25 anos demandantes do primeiro emprego e que abandonaran prematuramente a formación regrada ou que presenten fracaso escolar.				
☐ Persoas paradas de longa duración.				
☐ Familia, infancia, persoas maiores en situación de vulnerabilidade.				
☐ Persoas con discapacidade: ☐ Física. ☐ Psíquica ☐ Sensorial				
☐ Persoas reclusas e/ou ex-reclusas.				
☐ Persoas transeúntes e sen fogar.				
☐ Persoas toxicómanas.				
☐ Persoas enfermas psiquiátricas non institucionalizadas.				
☐ Persoas enfermas terminais.				

☐	Persoas sen fogar e transeúntes.				
☐	Persoas inmigrantes.				
☐	Minorías étnicas.				
☐	Outras:				

XUSTIFICACIÓN DA NECESIDADE DO GASTO EN RELACIÓN COA ACTIVIDADE A DESENVOLTA E COS FINS DA ENTIDADE.

OBXECTIVOS ACADADOS COA PROGRAMACIÓN ANUAL DA ENTIDADE.

a) Obxectivos xerais:

b) Obxectivos específicos:

CRONOGRAMA DE REALIZACIÓN DAS ACTIVIDADES (Indicar cando se desenvolveron todas e cada unha das accións subvencionadas, duración, periodicidade,...)

LUGAR NO QUE SE DESENVOLVERON AS ACTIVIDADES SUBVENCIONADAS (relacionar o lugar ou lugares nos que se desenvolveu cada unha delas).

RECURSOS NECESARIOS PARA O DESENVOLVEMENTO DAS ACTIVIDADES SUBVENCIONADAS:

a)-Recursos materiais:

b)-Recursos humanos (relacionar pormenorizadamente o número e a categoría profesional de todas as persoas que desenvolven as distintas actividades subvencionadas):

c) Recursos económicos

ACTAS E GOBERNO

JDR/cal

Refº: ispac1917460048790995055.doc

Asunto: XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 25-10-2023

ORZAMENTO DETALLADO DOS GASTOS CORRENTES REALIZADOS E NECESARIOS PARA O DESENVOLVEMENTO DA ACCIÓN SUBVENCIONADA:

Concepto do gasto	importe
-------------------	---------

-Pequenas reparacións.
 -Mantemento e conservación de bens propios ou alugados.
 -Material non inventariable
 -Limpeza.
 -Vestuario profesional.

...

TOTAL

ORZAMENTO DETALLADO DOS INGRESOS UTILIZADOS PARA O DESENVOLVEMENTO DA ACCIÓN SUBVENCIONADA:
--

Concepto	importe
-Subvencións públicas.	
-Subvencións privadas.	
-Cotas de socios.	
-Ourtras.	
TOTAL.	

O orzamento presentado no seu día ascendía a:

O orzamento realmente executado ascende a:

Explicar os motivos da desviación existente entre o orzamento presentado e o realmente executado, se fose o caso.

RELACIÓN CLASIFICADA DE FACTURAS PRESENTADAS PARA XUSTIFICAR O IMPORTE TOTAL DA SUBVENCIÓN:

Núm. factura	Data emisión.	Concepto	Acredor	Importe	Data pagamento
....					

Total					€
-------	--	--	--	--	---

Lugo, a de de 2023
Sinatura, Selo da Asociación

Asdo:

ANEXO VI

DECLARACIÓN RESPONSABLE PARA XUSTIFICAR A SUBVENCIÓN PREVISTA NOMINATIVAMENTE NO ORZAMENTO LOCAL 2023

D./D.^a _____ provista/o do NIF núm
_____ na súa cualidade de (presidenta/e, secretaria/o;
tesoureira/o...) da entidade _____ con
endereço social _____ e con CIF núm _____

DECLARA RESPONSABLEMENTE QUE:

1-Esta entidade (marque cunha cruz a opción que proceda) solicitou e recibiu subvencións ou axudas doutras administracións públicas ou privadas, nacionais ou internacionais, para a mesma finalidade.

- ☐ *SI
☐ NON

*Ata o día de hoxe e referidos ao exercicio económico de 2023, **esta entidade solicitou/recibiu outras subvencións ou axudas doutras entidades, públicas ou privadas, nacionais ou estranxeiras, para o financiamento de idéntica finalidade da actividade que se subvenciona** (indicar procedencia e contía).

SUBVENCIÓN SOLICITADA ORGANISMO ANTE O CONTÍA SOLICITADA
QUE SE SOLICITA

SUBVENCIÓN RECIBIDA	ORGANISMO CONCEDENTE	IMPORTE CONCEDIDO
---------------------	-------------------------	----------------------

***Copia da relación de gastos presentada na entidade correspondente** (con xustificante de presentación).(No caso recibir outras subvencións ou axudas para o financiamento da acción subvencionada).

ACTAS E GOBERNO

JDR/cal

Refº: ispac1917460048790995055.doc

Asunto: XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 25-10-2023

2-A actividade, proxecto, obxectivo, ou programa para o que se concede a subvención efectuouse nos termos establecidos no proxecto da actividade ou programa que se presentou no seu día.

3-Esta entidade está ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias fronte á: Axencia Estatal da Administración Tributaria, Delegación de Facenda da Comunidade Autónoma de Galicia, Tesourería Territorial da Seguridade Social e Concello de Lugo, respectivamente.

4-As facturas que se presentan coa finalidade de xustificar o gasto:

- Non foron nin serán presentadas –na porcentaxe subvencionada polo Concello de Lugo- como xustificación de ningunha outra subvención pública ou privada.

- Non inclúen impostos indirectos susceptibles de recuperación ou compensación.

- Conteñen gastos que xa lle foron aboados á persoa e/ou entidade debedora agás naqueles nos que se acredita a devindicación, pero a data efectiva de aboamento é posterior; suposto este no que se presentará a documentación tan pronto como se dispoña dela.

6- Que o persoal que desenvolve as súas funcións como asalariado nesta entidade non ten relación laboral ningunha co Concello de Lugo.

7- Que esta entidade lle comunicou ao Servizo de Participación Cidadá o orzamento, programa de actividades e número de socios correspondentes ao ano 2023.

Lugo, a de
Sinatura,

de 2023
Selo da Asociación

Asdo:

TERCEIRO.- A publicidade destas subvencións realizarase conforme ao establecido nos artigos 18 e 20 da Lei 38/2003 xeral de subvencións.

CUARTO.- Notifíquese a presente resolución ás partes interesadas coa indicación de que esta pon fin á vía administrativa, e de que contra ela poden interpoñer-se los seguintes recursos:

Contencioso-administrativo, ante o xulgado do Contencioso-administrativo de Lugo (artigo 8 da Lei 29/1988 do 13 de xullo) nun prazo de DOUS MESES, contados a partir do día seguinte ó da notificación do presente acto, o cal pon fin á vía administrativa (artigo 46 da Lei 29/1988, do 13 de xullo).

Non obstante o anterior, e **con carácter previo**, contra a presente resolución poderá interpoñer:

O recurso potestativo de reposición previsto no artigo 123 da Lei 39/2015 do 1 de outubro no prazo DUN MES, contado dende o día seguinte ó da notificación do presente acto.

Sen prexuízo de que se poida interpoñer **calquera outro recurso** ou reclamación **que se estime conveniente** ao seu dereito.

Así mesmo, déase traslado ás dependencias e ós servicios municipais afectados.